



**CONVENIO ENTRE O INSTITUTO CERVANTES E LA XUNTA DE GALICIA
A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO PARA A REALIZACIÓN
DE ACTIVIDADES ACADÉMICAS E CULTURAIS CONXUNTAS**

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2020

Dunha parte, _____, Director do Instituto Cervantes, cargo para o que foi nomeado polo Real Decreto 933/2018, do 20 de xullo (BOE do 21 de xullo), de conformidade co previsto no artigo 9 da Lei 7/1991, de 21 de marzo, actúa en nome e en representación do Instituto Cervantes, con domicilio para os efectos do presente convenio específico na rúa Alcalá 49, 28014 Madrid, con NIF Q-2812007 I (en adiante, o “Instituto Cervantes” ou o “IC”).

E doutra parte, D. _____, conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro (DOG número 185, do 27 de febreiro), actúa en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo como conselleiro e das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, polo que se publica o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991; con domicilio para os efectos do presente convenio específico en San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

Cada parte manifesta e garante á outra que intervéñen con capacidade legal necesaria e competencia suficiente, para subscribir o presente convenio (en adiante, o “convenio”) e, para ese efecto

EXPOÑEN

- I. Que o Instituto Cervantes, organismo público sen ánimo de lucro, creado pola Lei 7/1991, do 21 de marzo e adscrito ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, ten como fins, conforme ao disposto no artigo 3 da súa lei de creación, a promoción universal do ensino, o estudo e o uso do español e o fomento de cantas medidas e accións contribúan á difusión e á mellora da calidade destas actividades e á difusión da cultura no exterior, en coordinación cos demais órganos competentes da Administración do Estado.
- II. Que a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia (en adiante, a “Consellería”), no exercicio das competencias recoñecidas á Comunidade Autónoma de Galicia polo artigo 149.2 da Constitución e polo artigo 27 do seu Estatuto de autonomía, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril (BOE número 101, do 28 de abril), realiza convocatorias de lectorados para profesores e profesoras de galego en universidades estranxeiras por todo o mundo.
- III. Que con data 7 de setembro de 2016, o Instituto Cervantes e a Xunta de Galicia, a través da entón denominada Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, subscribiron un convenio co obxecto de que os profesores lectores de galego seleccionados pola Consellería e destinados a universidades estranxeiras ubicadas en cidades nas que haxa centros do Instituto Cervantes, puideran desenvolver cursos de lingua e cultura galegas neses centros, así como colaborar en outras actividades conxuntas en favor da promoción da lingua e a cultura galegas. O dito convenio quedou extinguido o pasado 2 de outubro de 2019.



- IV. Que as partes están interesadas en continuar as súas actividades conxuntas e que, por efecto da entrada en vigor da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, é necesario adaptar o citado convenio de 7 de setembro de 2016 ao novo réxime legal, polo que é vontade de ambas as partes afianzar a súa colaboración a través da subscripción dun novo convenio.
- V. Que, de conformidade co previsto no artigo 50.2 a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, o presente convenio foi informado favorablemente polo Servicio Xurídico do Instituto Cervantes.
- VI. Que o presente convenio foi obxecto da autorización prevista no artigo 50.2 c) da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro, con data --- de ----- de 201---.

En virtude do anteriormente exposto, o Instituto Cervantes e la Consellería acordan subscribir o presente convenio que se rexerá consonte as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. - Obxecto.

O obxecto do presente convenio específico é establecer as liñas de cooperación entre as partes co fin de que os profesores lectores de galego seleccionados pola Consellería e destinados a universidades estranxeiras ubicadas en cidades nas que haxa centros do Instituto Cervantes, poidan desenvolver cursos de lingua e cultura galegas neses centros, así como colaborar noutras actividades conxuntas a prol da promoción da lingua e da cultura galegas.

Segunda. – Compromisos do Instituto Cervantes

Para a consecución do obxecto do presente convenio, o Instituto Cervantes poderá realizar, entre outras, as seguintes accións:

- Programación e realización, se hai un mínimo de alumnos para conformar grupo, de cursos de lingua e/ou cultura galega nos centros nos que exista demanda deste tipo de cursos, que poderían asignarse a lectores de galego seleccionados pola Consellería.
- Programación e realización de actividades de proxección da cultura e da lingua galega; entre elas, exposicións e mostras, ciclos audiovisuais e musicais, actividades de posta en valor do patrimonio cultural, charlas e outros formatos de actuación, con atención preferente á tradición literaria da comunidade galega.
- Promoción, mediante o reforzo da colaboración existente entre as partes, de programas ou iniciativas culturais que sexan de interese para a súa difusión nos centros do Instituto Cervantes no exterior e que desenvolva a Comunidade Autónoma de Galicia.
- Posta á disposición dos espazos necesarios para o seu uso, como aulas ou salas de realización de actividades culturais e académicas nas condicións adecuadas, para cada actividade e de acordo coa normativa que lle resulte de aplicación nesta materia.

Os cursos de lingua e/ou cultura galega desenvolveranse polos lectores seleccionados pola Consellería, en coordinación co IC e baixo a supervisión do director de cada centro, e



cumprirán os requisitos que o IC estableza, incluído o número mínimo de alumnos necesarios para a realización dos cursos, os prezos destes, a dedicación horaria dos lectores etc.

O Instituto Cervantes destinará os recursos materiais e humanos que resulten necesarios para a realización dos cursos ou outras actividades derivadas do presente convenio de acordo co disposto na cláusula sexta seguinte sobre a financiación do presente convenio.

Terceira. – Compromisos da Consellería

Pola súa banda, a consellería realizará, entre outras, as seguintes actividades:

- Nas convocatorias de selección de lectores de galego e nos convenios de colaboración coas universidades, entre as tarefas asignadas aos mesmos, incluírá a docencia de cursos de lingua e/ou cultura galega nos centros do Instituto Cervantes, baixo a supervisión e coordinación destes.
- Financiará ao seu cargo as actividades de proxección da cultura e da lingua galega que se poidan acordar realizar nos centros do IC conforme as dotacións orzamentarias de cada exercicio.
- Potenciará a participación e o interese das empresas de Galicia polas actividades que de forma conxunta desenvolvan as partes en execución do presente convenio, co fin de que contribúan ao seu financiamento a través do patrocinio ou mecenado.

Cuarta. – Garantía de confidencialidade e protección de datos.

As partes comprométense a non copiar, reproducir nin ceder información ou material facilitado pola outra parte, así como a non permitir a ningunha outra persoa, física ou xurídica, a copia ou reprodución ou divulgación, sexa total, parcial ou de calquera forma, da información ou materiais facilitados en calquera momento, sen a autorización previa da outra parte, manifestada expresamente e por escrito.

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais lexislación concordante e aplicable nesta materia, cada unha das partes como responsables do tratamento, teñen informado aos asinantes que actúan no nome e representación de cada unha das partes no presente convenio e ás persoas de contacto, que os datos de carácter persoal que faciliten en virtude do mesmo (datos identificativos, de contacto, de sinatura, así como os que poidan figurar na documentación acreditativa da súa representación) ou aqueloutros que puideran proporcionar con posterioridade, serán tratados por cada unha das partes coa finalidade de xestionar o mantemento, cumprimento, desenvolvemento, control e execución do disposto eno presente convenio, sendo a base lexítima do noso tratamento a propia execución do convenio.

Os datos serán conservados polas partes durante o tempo de vixencia do convenio e, con posterioridade, polo tempo de prescrición das eventuais responsabilidades derivadas dela.

Os datos das partes poderán ser comunicados a terceiros unicamente na medida que fose necesario para cumprir coas súas respectivas obrigacións legais de conformidade coa normativa vixente. Os datos tratados para os efectos de subscribir o presente convenio son necesarios para a efectiva subscripción do mesmo. Os afectados poderán solicitar o acceso aos datos persoais, a súa rectificación, supresión, portabilidade e a limitación do seu tratamento, así como opoñerse



ao mesmo, mediante un escrito ao que se acompañe unha copia dun documento acreditativo da súa identidade, dirixido á parte que corresponda, ao seu correspondente domicilio social.

Así mesmo, poderán interpoñer, en caso de vulneración de dereitos, unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, sita en Rúa Jorge Juan, 6, Madrid (www.agpd.es).

Quinta. – Difusión da colaboración.

Ambas as partes recoñécense o dereito para realizar ao seu cargo campañas de publicidade propias e a difundir pola súa conta, e a través dos medios que teñan por conveniente, a súa achega á colaboración, e impulsarán a difusión pública do presente convenio e das actuacións conxuntas obxecto do mesmo.

As partes comprométense a incluír e difundir a presente colaboración en todo o material divulgativo e publicitario que editen, en calquera soporte, con motivo da súa colaboración. En relación con tal difusión, poderán facer constar os logotipos e imaxes corporativas de cada asinante.

Para os efectos do previsto na presente cláusula, as partes proporcionaranse mutuamente e autorizarán o uso dos signos distintivos, as marcas rexistradas ou logotipos respectivos que deban ser difundidos, e axustaranse en todo caso, calquera que sexa o material no que se insiran, aos deseños facilitados, e á concreta inclusión nos materiais segundo sexa aprobada pola parte respectiva, e que non poderán modificar nin alterar de ningunha maneira sen o consentimento previo da outra parte.

A utilización de materiais gráficos ou de imaxe vinculados á colaboración limítase exclusivamente aos fins da presente colaboración sen que iso supoña a concesión a favor nin do Instituto Cervantes, nin da Consellería, de ningún dereito, sexa da natureza que sexa, sobre o logotipo nin sobre a marca rexistrada da contraparte, e realizárase de acordo coas correspondentes normas gráficas de cada unha das partes.

O Instituto Cervantes e a Consellería, de mutuo acordo, poderán promover a participación doutras institucións que poidan contribuír á realización e ao desenvolvemento das actividades que se realicen en execución do Convenio. Nestes casos, as partes poderán incorporar o logotipo ou acenos de identidade corporativa de calquera outra entidade que colabore no proxecto, permitindo, no seu caso, a sinalización dos espazos expositivos.

En tal caso deberán comunicar e proporcionar á outra parte a denominación e imaxe da entidade colaboradora e indicar, no seu caso, os soportes e material de divulgación nos que se incluírá dita imaxe.

En relación coa difusión das actividades obxecto do presente convenio que poidan desenvolverse no exterior, o Instituto Cervantes asumirá, a través dos seus propios medios materiais e humanos nos centros en que teñan lugar, a xestión da campaña de comunicación das mesmas, as relacións cos medios de comunicación locais e institucións relacionadas e os gastos que isto xere.

Sexta. – Financiamento.

Os lectores que se fagan cargo da docencia dos cursos ou que colaboren no resto das accións indicadas no presente convenio non recibirán ningunha retribución por parte do IC. A Consellería, de acordo co réxime xurídico aplicable aos lectores, asume as obrigacións



económicas e de cobertura asistencial e sanitaria correspondentes, de maneira que a colaboración dos lectores nos centros IC encádrase dentro das tarefas asignadas aos lectores no réxime xeral de dedicación do lectorado.

Os ingresos que obteña o IC polo pago das matrículas dos cursos de lingua e/ou cultura galega ou por calquera outra actividade derivada do presente convenio, serán ingresos do IC e, por tanto, servirán para sufragar os seus propios gastos, incluídos os relativos ás actividades de difusión indicadas na cláusula Quinta anterior, aínda que o centro IC non levará unha contabilidade separada destes ingresos, que se considerarán, para todos os efectos, ingresos do centro IC.

A subscrición do presente convenio non implica a transferencia de recursos do Instituto Cervantes á Consellería. O Instituto Cervantes asumirá os compromisos que reconece no presente convenio a través dos seus propios recursos materiais e humanos estimados nun máximo de VINTE MIL EUROS (20.000 €), con cargo ao Capítulo I (Gastos de Persoal) e II Gastos de bens correntes e servizos do orzamento do exercicio 2019 no que conta con crédito suficiente.

A subscrición do presente convenio non implica a transferencia de recursos da Consellería ao Instituto Cervantes; o gasto relativo aos lectores xa está contemplado no orzamento de gastos da Consellería para o exercicio 2019 e comprometido para os sucesivos.

Para os anos seguintes en que estea vixente o presente convenio, os devanditos gastos estarán supeditados, en todo caso, ás disponibilidades orzamentarias do IC e da Consellería, aínda que as previsións de gastos estímense similares ás do 2019.

En consecuencia, sen prexuízo do establecido nas cláusulas segunda e terceira anteriores, a subscrición do presente convenio específico non implica transferencia de recursos económicos entre as partes.

Cando as actuacións que se realicen en execución do presente convenio conleven transferencia de recursos económicos entre as partes ou a normativa aplicable a algunha destas así o esixise, formalizaranse as correspondentes adendas ao mesmo. Nas devanditas adendas especificaranse as obrigacións e dereitos de cada parte, o custo económico, no seu caso, así como a forma e prazo de pago, e as contrapartidas se as houber.

Tales adendas incorporaranse ao presente convenio específico progresivamente, a medida que se vaian formalizando, e constituirán parte inseparable do mesmo.

Sétima. - Seguimento e control.

O seguimento da execución do establecido no convenio e o cumprimento dos compromisos adquiridos polas partes realizarase mediante o intercambio da información entre as partes e a elaboración de informes de avaliación e de valoración dos resultados.

Cada parte designará ao responsable do seguimento do convenio.

Oitava. - Modificacións do convenio.

O convenio constitúe a manifestación expresa da vontade das partes en relación co seu obxecto e contido. Calquera modificación do mesmo deberá ser efectuada por escrito e asinada por ambas as partes e tramitada conforme ao previsto na citada Lei 40/2015.



Novena. - Vixencia e eficacia do convenio.

O presente convenio perfecciónase polo consentimento das partes e resultará eficaz unha vez inscrito no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal e publicado no Boletín Oficial do Estado e a súa vixencia estenderase desde ese momento por un período de 4 anos, podendo prorrogarse en calquera momento antes da súa finalización por acordo dos asinantes por un novo período de 4 anos.

O Instituto Cervantes realizará a preceptiva comunicación da firma do presente convenio ao Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, para a súa inscrición no mesmo, así como da tramitación da publicación do presente convenio no Boletín Oficial do Estado, para a súa eficacia.

Décima. - Causas de extinción e consecuencias en caso de incumprimento.

Non obstante o disposto na cláusula anterior, o convenio poderá extinguirse en calquera momento por denuncia expresa de calquera das partes cun aviso previo/previo aviso mínimo de 3 (tres) meses á data en que se desexa dalo por resolvido.

De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, que regula a extinción dos convenios:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
 - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
 - c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Como consecuencia do anterior, a parte prexudicada polo incumprimento notificará á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado así mesmo aos responsables do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolvido o convenio. A resolución do convenio non dará lugar a indemnización algunha.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorran calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta dos responsables do seguimento e control da execución do presente convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO



en curso que consideren oportunas, establecendo como prazo improrrogable para a súa finalización o de 6 (seis) meses a contar desde a data da resolución, nos termos previstos no apartado 3 do artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Decimoprimeira. - Natureza xurídica e resolución de conflitos.

O convenio queda sometido ao réxime xurídico de convenios previsto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público de España e demais normativa que resulte de aplicación.

As partes conveñen que o presente instrumento é produto da boa fe, polo que toda controversia e interpretación que se derive do mesmo, respecto da súa operación, formalización e cumprimento, será resolta por elas de común acordo, a través dos representantes que designen para iso.

A resolución das cuestións litixiosas que puidesen derivarse do presente convenio someterase á xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade con canto antecede, ambas as partes asínano por duplicado exemplar e a un só efecto nos lugares e datas sinalados.

POLO INSTITUTO CERVANTES

**POLA CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO**

Director

Conselleiro

En -----, a ---- de ----- de 201-

En -----, a ---- de ----- de 201-